

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 22.03.2018

Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 22 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

- 1 22418 (10/POC-003645)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas condicións de venda por Renfe dos billetes para bicicletas e a súa intención de impulsar a iniciativa EuroVelo Atlántico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018

- 2 22753 (10/POC-003750)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para o cumprimento das condicións exixidas na normativa vixente na actividade que se está a desenvolver no vertedoiro de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela, o resultado das inspeccións realizadas e a súa opinión ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018

- 3 23691 (10/POC-003954)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Moreira Ferro, Jacobo e 6 máis
Sobre a dispoñibilidade ou a solicitude polo Concello de Pontevedra dalgún tipo de autorización do órgano ambiental para a instalación e utilización dos trescentos composteiros comunitarios contratados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

- 4 25862 (10/POC-004233)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego destinadas á mellora da rede de saneamento de Celeiro e da EDAR de Viveiro

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018

- 5 26142 (10/POC-004268)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración do proxecto e execución das obras de construción dun novo viario para a conexión do punto de remate da variante de Aradas coa N-550
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018
- 6 26186 (10/POC-004272)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia, na defensa do dereito á vivenda, para afrontar a burbulla do alugamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018
- 7 26283 (10/POC-004286)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 7 de febreiro de 2018 referido ás necesidades existentes e ás melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018
- 8 26510 (10/POC-004318)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis
Sobre as posibles consecuencias da demora na execución da obra da estación depuradora de augas residuais de Santiago de Compostela
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Raúl Fernández Fernández	S
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 22418(10/POC-003645)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas condicións
de venda por Renfe dos billetes para bicicletas e a súa
intención de impulsar a iniciativa EuroVelo Atlántico

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os desprazamentos alternativos aos vehículos potencian a preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

Como levan tempo denunciando colectivos de usuarios da bicicleta, como “Pedaladas” ou “Masa Crítica”, Renfe dificulta a desexable combinación de tren e bicicleta para os desprazamentos. Ademais de ter que pagar unha tarifa extra por levar a bicicleta no tren (3 euros en traxectos de máis de 100 quilómetros), o billete para esta non se pode mercar na páxina *web* ou na aplicación móbil, senón que hai que facer obrigatoriamente a compra no despacho de billetes da estación, non sabendo ata o momento de chegar se hai ou non sitio para a bicicleta no tren, xa que o espazo destinado a estas está limitado a só 3 bicicletas por tren, logo de que foran eliminados outros 3 espazos para situar as máquinas de venda de comida e bebida.

Tamén ocorre que a venda do billete para a bicicleta faise por traxectos completos, é dicir, non se adecúa á viaxe real da persoa usuaria desa bicicleta. E así, se unha persoa viaxa entre Pontevedra e Santiago en tren coa súa bicicleta, o enganche para esta resérvase para todo o traxecto entre Vigo e A Coruña, impedindo que outra persoa que suba en Santiago para ir ata a Coruña poda usar o mesmo enganche.

A maiores, en relación coas viaxes alternativas, o EuroVelo Atlántico poderíase estender dende Camiña por toda a costa galega, iniciativa que a entidade “ConBici” pretende impulsar, aproveitando a ruta cicloturística do noso país veciño.



 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Cal é a opinión do Goberno galego sobre que os billetes para bicicletas non se podan mercar na páxina *web* ou na aplicación móbil de Renfe?
2. Cal é a opinión do Goberno sobre que o espazo destinado a bicicletas estea limitado a só 3 por tren?
3. Cal é a opinión do Goberno sobre que as vendas de billetes para bicicletas se teña que facer por traxectos completos?
4. Vai impulsar o Goberno galego a extensión da iniciativa EuroVelo Atlántico dende Camiña por toda a costa de Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2018 13:05:45

Raúl Fernández Fernández na data 08/01/2018 13:05:55

María Luisa Pierres López na data 08/01/2018 13:06:00

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 22753(10/POC-003750)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para o cumprimento das condicións exixidas na normativa vixente na actividade que se está a desenvolver no vertedoiro de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela, o resultado das inspeccións realizadas e a súa opinión ao respecto

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

A situación do chamado “complexo ambiental”, ubicado na mina de Miramontes, parroquia de Grixoa, converteuse xa hai tempo nunha ameaza para o medio ambiente, especialmente para os recursos hidrolóxicos, e para a saúde e benestar das persoas.

A veciñanza de Grixoa vén denunciando e loitando contra esta situación dende hai anos, atopándose coa inacción da Xunta de Galicia ante esta situación.

Dende a autorización para a instalación dun vertedoiro de residuos non perigosos, en 2008, emitida por parte da Consellería de Medio Ambiente, non pararon de sucederse incidencias e denuncias e, ao mesmo tempo, seguíronse aumentando as autorizacións para residuos bituminosos, materiais de construción que conteñan amianto, permitíndose finalmente o depósito de tecnosolos, que aumentaron os impactos ambientais e as molestias ás veciñas e veciños.

Varios dos condicionantes impostos pola Autorización de Impacto Ambiental semella que foron e son incumpridos, así como parece que se incumpren as normas de xestión dos diferentes materiais, ou as condicións impostas para mitigar o impacto paisaxístico da actividade, e os veciños denuncian escorrentías con contaminantes que afectan aos regatos próximos, como tamén denuncian os cheiros insoportables cos que teñen que convivir acotío.

Fronte a iso atópanse con enormes dificultades para que a Xunta de Galicia actúe con celeridade e lle fornezan, cando menos, das respostas a estas denuncias reiteradas no tempo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 11:49
Nº Rexistro: 22753
Data envío: 11/01/2018 11:49:26.983



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1) Que está facendo a Xunta de Galicia para que a actividade desenvolta no vertedoiro de Miramonstes, parroquia de Grixoa, cumpra as condicións esixidas pola normativa vixente?
- 2) Cal é o resultado das inspeccións realizadas?
- 3) Considera que a xestión por parte das empresas está a ser axeitada para non afectar á veciñanza e ao medio ambiente?
- 4) Considera que a actuación da Administración autonómica está a ser o suficientemente dilixente e axeitada ante as reiteradas denuncias dos veciños e veciñas?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 11:49
Nº Rexistro: 22753
Data envío: 11/01/2018 11:49:26.983



Antón Sánchez García na data 11/01/2018 11:46:07

Marcos Cal Ogando na data 11/01/2018 11:46:12

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 23691(10/POC-003954)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 6 máis

Sobre a dispoñibilidade ou a solicitude polo Concello de Pontevedra dalgún tipo de autorización do órgano ambiental para a instalación e utilización dos trescentos composteiros comunitarios contratados

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 10:23
Nº Rexistro: 23691
Data envío: 19/01/2018 10:23:41.089

A Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O Concello de Pontevedra, así como a Deputación de Pontevedra, están a promover a instalación de composteiros comunitarios, configurados como grupos de unidades modulares de compostaxe, co obxectivo de elaborar compost cos residuos orgánicos xerados nos fogares.

A título de exemplo, concretamente en Pontevedra, se contratou polo Concello a adquisición de 300 unidades modulares, que se poden ensamblar entre si formando "illas" de compostaxe, que se agruparán nun mínimo de 3 unidades e un máximo de 12.

Cada unha desas 300 unidades ten aproximadamente 1 m³ de capacidade. Con estas 300 unidades, o Concello manifestou ter previsto tratar 1.275 Tn/ano, o que significa que se prevé que cada unha das unidades trate 4,25 Tn cada ano.

Segundo información feita pública polo Concello, as condicións de traballo do proceso de compostaxe, comprenden temperaturas de hasta 75°C, atmosfera oxidante, elevada humidade relativa do aire, eventuais baixadas de pH ata 5, etc. Asemade, o Concello ten informado acerca da posibilidade de saída de lixiviados pola base, así como a existencia de insectos, roedores, etc..

Porén, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Está suxeita a instalación de utilización dos composteiros comunitarios algún tipo de autorización do órgano ambiental ?
2. Dispón ou ten solicitado o Concello de Pontevedra algunha autorización do órgano ambiental para os citados composteiros comunitarios?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 10:23
Nº Rexistro: 23691
Data envío: 19/01/2018 10:23:41.089**

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 19/01/2018 10:21:46

Jaime Castiñeira Broz na data 19/01/2018 10:21:58

Martín Fernández Prado na data 19/01/2018 10:22:04

Marta Novoa Iglesias na data 19/01/2018 10:22:15

María Julia Rodríguez Barreira na data 19/01/2018 10:22:23

Gonzalo Trenor López na data 19/01/2018 10:22:36

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 19/01/2018 10:22:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 25862(10/POC-004233)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego destinadas á
mellora da rede de saneamento de Celeiro e da EDAR de Viveiro

Publicación da iniciativa, 261, 15.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 18:24
Nº Rexistro: 25862
Data envío: 08/02/2018 18:24:45.948

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a mellora da rede de saneamento de Celeiro e a EDAR de Viveiro.

O 7 de setembro de 2016 a Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio anunciou a sinatura co concello de Viveiro dun convenio no que se comprometía a investir uns 3 millóns de euros para mellorar a rede de saneamento de Celeiro e a EDAR de Viveiro.

O prazo previsto para executar todas as actuacións recollidas neste convenio, segundo declaracións da propia Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, prolongaríase ao longo de trinta meses.

Dez meses despois da sinatura, a terza parte do prazo establecido para o remate de todas as actuacións, a rotura do emisario e o vertido persisten sen que se teñan efectuado as obras comprometidas.

Esta situación supón un perigo para as embarcacións que entran no peirao, pola rotura, así como un sobrecoste á actividade pesqueira ao ter que filtrar a auga para garantir o 100% da calidade dos produtos, como teñen denunciado desde Portos de Celeiro S.A.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 18:24
Nº Rexistro: 25862

Data envío: 08/02/2018 18:24:45.948

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que a veciñanza de Viveiro está a pagar na factura do recibo da auga uns tributos (canon de saneamento e depuración de augas residuais) por uns servizos que a administración non está a atender axeitadamente e por outra banda, cremos que Portos de Celeiro, S.A., que xa ingresa uns 840.000 € anuais (un promedio de 70.000 €/mes) ao ente público adscrito á Consellería do Mar, Portos de Galicia, pola súa actividade en concepto de tarifa X-4 (1,75% das vendas en lonxa), está a soportar a maiores uns gastos alleos aos propios da súa actividade empresarial que non lle corresponde asumir e que poden repercutir negativamente na xeración de postos de traballo da entidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Por que non executou o Goberno galego as obras previstas para a mellora da rede de saneamento de Celeiro e a EDAR de Viveiro?

- Cando pensa levar a cabo estas actuacións para as que se prevía un investimento de 3 millóns de euros e cales son os prazos temporais previstos para que rematen?

- Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopa actualmente o emisario e as consecuencias que da súa rotura se derivan para a actividade marítimo-pesqueira da zona?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 18:24
Nº Rexistro: 25862

Data envío: 08/02/2018 18:24:45.948

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2018 18:23:00

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2018 18:23:06

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2018 18:23:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2018 18:23:09

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2018 18:23:10

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2018 18:23:11

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 26142(10/POC-004268)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración
do proxecto e execución das obras de construción dun novo
viario para a conexión do punto de remate da variante de
Aradas coa N-550

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Despois dun número excesivo de anos está comezando a construírse a chamada variante de Aradas, que conectará, cando estea concluída, o Polígono do Tambre coa estrada de Santiago de Compostela a Carballo.

Tamén está comezando a tramitarse o chamado orbital, que mellorará as conexións da autovía a Lavacolla coa autoestrada -e continuando no borde do Polígono de A Sionlla- coa N 550.

A variante de Aradas resolve un problema, facilitando a conexión do Polígono co noroeste da provincia de A Coruña e aliviando a presión sobre outras entradas da área industrial. Con esta actuación reducirase o tráfico que circula por Vite e Vista Alegre en 4.000 vehículos diarios, sendo aproximadamente a metade pesados. Non obstante, pode chegar a producir outro, introducindo unha presión maior sobre os viario interiores do Polígono por tráfico de tránsito que busque agora formas de evitar outras zonas urbanas de circulación menos fluída.

Para evitar este problema e completar a adecuada conexión perimetral cabe desenvolver un novo viario que, desde o punto de encontro da variante de Aradas co Polígono do Tambre – á altura da intersección das vías Marconi e Nobel-, permita alcanzar a estrada nacional 550 e, a continuación, o chamado orbital (chegando así á AP 9 e á autovía a Lavacolla). A circulación será máis fluída e ordenada, reducindo a presión sobre o interior do Polígono.

Trátase dun viario previsto no ordenamento urbanístico, de curto percorrido, que pasaría por zonas non urbanas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 13:43
Nº Rexistro: 26142
Data envío: 14/02/2018 13:43:16.612



 Grupo Parlamentario

Por todo o anterior fórmulase a seguinte pregunta:

Ten algunha previsión a Xunta de Galicia en relación co proxecto e as obras do citado viario?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2018 13:42:24

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2018 13:42:37

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 26186(10/POC-004272)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia, na defensa
do dereito á vivenda, para afrontar a burbulla do alugamento

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

O dereito á vivenda afronta unha nova ameaza no territorio galego: a burbulla do aluguer. Arrendar un piso é cada día máis caro e esixe maiores sacrificios á cidadanía, sobre todo nas sete cidades e nas vilas intermedias do eixo atlántico, porque é alí onde se concentra a maior actividade económica. A maior tendencia ao aluguer débese, en parte, a un cambio de mentalidade provocado pola última burbulla inmobiliaria, pero tamén á diminución da capacidade adquisitiva, á maior reticencia dos bancos a conceder hipotecas e o aumento da mobilidade laboral derivado da precarización do emprego.

Vigo é a cidade que sofre os prezos máis altos, con alugueres de 8,5 euros por metro cadrado, síguea A Coruña, con 7,6 euros, Santiago, con 7, Pontevedra, con 5,8, Ourense, con 5,2 e Lugo con 5. Fora das sete cidades, atopamos vilas onde a situación é aínda peor, como Sanxenxo, onde o prezo dispárase ata os 11 euros por metro cadrado.

A subida dos prezos do aluguer débese ao aumento da demanda. Nos municipios de menos de 20.000 habitantes aínda hai pisos dabondo e os prezos permanecen estables, pero nos concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes a demanda de alugueres disparouse nos último nove anos (pasou dun 7,8% a máis dun 14%). O aumento do aluguer foi tan drástico que nun só ano pasou de haber 7.000 inmobles dispoñibles a 4.200.



Como resultado do aumento dos prezos, as familias galegas cada vez teñen que dedicar unha maior porcentaxe dos seus ingresos a pagar o aluguer. O 36% dedica entre o 10% e o 20% do que gaña, pero é que o 25% dedica máis do 30%.

O escenario é complexo pero pode complicarse aínda máis o presente ano, xa que van vencer moitos contratos e os propietarios van ter liberdade para poñelos no mercado tras revisar os prezos á alza.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia, na defensa do dereito á vivenda, para facer fronte á burbulla do aluguer?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 14/02/2018 17:25:53



Antón Sánchez García na data 14/02/2018 17:26:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 17:35
Nº Rexistro: 26186
Data envío: 14/02/2018 17:35:27.489

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 26283(10/POC-004286)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 7 de febreiro de 2018 referido ás necesidades existentes e ás melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:45
Nº Rexistro: 26283
Data envío: 15/02/2018 17:45:39.448

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

O pasado 7 de febreiro de 2018 o Pleno do Parlamento galego debateu unha Proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña. Da resultante deste debate derivou un acordo parlamentario unánime cuxo texto transaccionado era o seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1.- Esixir do Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar a actual e evidente situación de discriminación que se ve en función do lugar de residencia dos galegos e galegas.

2.- Solicitar do Goberno central unha ampliación das frecuencias horarias desde Ourense para mellorar a comunicación con Compostela e A Coruña.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:45
Nº Rexistro: 26283

Data envío: 15/02/2018 17:45:39.448

3.- Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.

4.- Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense -Santiago para mellorar a mobilidade e entre as poboacións intermedias de acordo coa demanda”.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Que actuacións levou a cabo o Goberno galego para demandar o abaratamento da conexión Avant Ourense-Santiago-Coruña? Con que resultado?

-Ten coñecemento o Goberno galego dalgún horizonte temporal para esta homoxeneización das tarifas?

-Que actuacións levou a cabo o Goberno galego para demandar a reformulación dos termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva? Con que resultado?

-Que actuacións levou a cabo o Goberno galego conducentes a conseguir a ampliación da frecuencia horaria da liña rexional Ourense -Santiago?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:45
Nº Rexistro: 26283
Data envío: 15/02/2018 17:45:39.448

-Coñece a Xunta Galiza se o Goberno central ten feito algún estudo sobre a demanda de uso desta liña? Ten feito o Goberno galego algunha de seu? Con que metodoloxía? Con que resultado?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2018 17:44:21

María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2018 17:44:27

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2018 17:44:29



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:45
Nº Rexistro: 26283

Data envío: 15/02/2018 17:45:39.448

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2018 17:44:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/02/2018 17:44:35

Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2018 17:44:36

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.8 26510(10/POC-004318)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis

Sobre as posibles consecuencias da demora na execución da obra da estación depuradora de augas residuais de Santiago de Compostela

Publicación iniciativa vía urxencia, 264, 21.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:36
Nº Rexistro: 26510
Data envío: 19/02/2018 16:36:27.803

A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Gonzalo Trénor López, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Paula Prado del Río e Diego Calvo Pouso, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese para os veciños e veciñas do concello de Santiago de Compostela.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ten deseñado a folia de ruta a seguir para poder cumprir coa depuración das augas residuais e contribuír, deste xeito, á mellora do medio ambiente e limpeza do noso territorio e, particularmente das nosas rías no horizonte do 2020.

Este compromiso quedou reflectido na comparecencia que da Conselleira de Medio Ambiente e Territorio no pleno de febreiro do 2017, pero tamén nunha resposta á pregunta do Grupo Parlamentario En Marea do derradeiro pleno do mes de setembro 2017.

A Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio falaba do impulso por un pacto local da auga, onde as administracións públicas local e autonómica acorden os criterios para a colaboración financeira e técnica da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das competencias municipais en materia de saneamento e abastecemento, xa que non podemos esquecer que son dúas competencias municipais.

Unhas competencias municipais ás que a Xunta de Galicia vén cofinanciando. En saneamento, desde o ano 2009 ata hoxe ascende, o investimento ascende a máis de 600 millóns de euros e no novo Plan hidrolóxico se contempla unha achega de 131 millóns de aquí ao 2020.

Entre esas novas infraestruturas pendentes que contempla o Plan Hidrolóxico, e de vital importancia, atópase a EDAR de Santiago de Compostela.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:36
Nº Rexistro: 26510
Data envío: 19/02/2018 16:36:27.803

O caso de Santiago é de todos coñecido: o Plan Hidrolóxico Nacional aprobado no 2001 inclúe a “Mellora dos colectores xerais e a EDAR de Santiago” como obra de interese xeral do Estado.

Esta inclusión implica que será o propio Estado quen promova as obras, a través da Sociedade Estatal Augas das Concas de España (ACUAES) co cofinanciamento dos fondos Europeos destinados a este fin.

A primeira parte do proxecto xa foi executada e está en servizo pero a EDAR de Santiago está nunha difícil situación debido á indefinición do goberno de Compostela Aberta.

O Goberno municipal de Santiago que en febreiro de 2017 dicía estar “agradecido á sensibilidade e actitude colaborativa das outras dúas administracións” con respecto a mellorar o proxecto existente para a EDAR do Souto, no foi quen de avanzar neste eido, e a día de hoxe descoñécese cal vai ser a súa proposta sobre unha EDAR para Santiago de Compostela.

Ante esta situación, os deputados asinantes, amosamos a nosa preocupación pola situación de indefinición da EDAR para Santiago de Compostela e preguntamos en Comisión :

Que consecuencias se poden derivar da demora na execución da obra da EDAR de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 19/02/2018 16:33:58

Gonzalo Trenor López na data 19/02/2018 16:34:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:36
Nº Rexistro: 26510
Data envío: 19/02/2018 16:36:27.803**

Jaime Castiñeira Broz na data 19/02/2018 16:34:21

Martín Fernández Prado na data 19/02/2018 16:34:28

Jacobo Moreira Ferro na data 19/02/2018 16:34:38

Marta Novoa Iglesias na data 19/02/2018 16:34:48

María Julia Rodríguez Barreira na data 19/02/2018 16:34:57

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 19/02/2018 16:35:05

Paula Prado Del Río na data 19/02/2018 16:35:15

Diego Calvo Pouso na data 19/02/2018 16:35:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com